

<b>1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA</b>	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Historia das artes do espectáculo
<b>DISCIPLINA</b>	Historia das artes do espectáculo II
<b>TITULACIÓN</b>	Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	3º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e historia das artes escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Santiago Prego Cabeza
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Santiago Prego Cabeza <b>Horario titorías:</b> <b>Despacho:</b> Departamento de Teoría e historia das Artes escénicas <b>Contacto:</b> <a href="mailto:santiprego@edu.xunta.es">santiprego@edu.xunta.es</a>
<b>DESCRICIÓN</b>	Estudo das raíces e do desenvolvimento teórico e estético das diferentes formas do espectáculo, principalmente teatro, danza, ópera e circo a través da historia e atendendo á especificidade das competencias do perfil profesional do escenógrafo
<b>CONOCIMIENTOS PREVIOS</b>	Non se establecen
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego

<b>2. COMPETENCIAS</b>	
<b>COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO</b>	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T4</b>	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
<b>T7</b>	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T11</b>	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
<b>COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACION</b>	
<b>X4</b>	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE</b>	
<b>EE5</b>	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Comprensión científica do significado e alcance disciplinar da Historia das Artes do espectáculo no contexto dos estudos literarios, teatrais, filosóficos e artísticos.	T4, T8, X8, EE5, EE6
2. Adquisición e dominio dos elementos terminolóxicos e conceptuais correspondentes aos núcleos temáticos da disciplina.	T2, T4, T8, X4, EE5, EE6
3. Adquisición e dominio de coñecementos teóricos e dos recursos metodolóxicos para o estudo sistemático das artes escénicas na súa historia.	T2, T7, T8, X4, X8, EE5, EE6
4. Adquisición e desenvolvemento de capacidades básicas e técnicas de análise e investigación no marco da disciplina.	T2, T8, T11, X6, EE5, EE6
5. Proxección da disciplina e dos seus aportes científicos, metodolóxicos e profesionais no ámbito da cultura e da creación artística escenográfica	T8, T11, X7, X8, EE5, EE6
6. Coñecemento do teatro e outras artes do espectáculo con vinculación á escenografía desde as orixes ata os nosos días.	T2, X4, EE5, EE6
7. Coñecemento específico de nocións básicas da historia do teatro e outras artes escénicas nos contextos más próximos (Galicia).	X7, EE5, EE6
8. Comprensión e utilización das características do teatro e doutras artes escénicas nas distintas épocas históricas co fin de comprender unha idea de evolución que guía a historia da arte dramática desde os conceptos de ruptura e revolución.	T11, X8, EE5, EE6

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓN 2h
1. A posta en escena moderna e os grandes paradigmas da historia da Interpretación.	1.1. A dirección de escena moderna desde os Meiningen. 1.2. Os teatros da arte. Stanislavski. 1.3. Teatralidade e marxismo: as achegas técnicas de Piscator e o teatro épico de Brecht. 1.4. Grotowski e o teatro ritual. A antropoloxía teatral de Barba. 1.5 Happenings e performances. O posdrama.	6
2. Teatro Oriental. Perspectiva desde a escenografía.	2.1. Introducción ao teatro oriental. 2.2. Balí: Wayang, Barong, Rangda e Topeng 2.3. India: Barathanatyam, Kathak e Kathakali. Outros xéneros. 2.4. China: A ópera chinesa e outras artes do espectáculo 2.5. Xapón: Noh, Kyogen, Kabuki, Bunraku. Outros xéneros. 2.6. Influencia do teatro oriental na escenografía.	8
3. Historia da danza e das artes do movemento. Perspectiva desde a escenografía.	3.1. Concepto de danza. 3.2. A danza na antigüidade, Idade Media e Renacemento. 3.3. Orixe e desenvolvemento do ballet 3.4. Os precursores da danza moderna 3.5. Os pioneiros da danza moderna 3.6. Os fundadores da danza moderna 3.7. A danza contemporánea 3.8. A danza contemporánea en Galicia 3.9. O escenógrafo e a danza	7
4. Historia do teatro de obxectos. Perspectiva desde a escenografía.	4.1. Concepto de teatro de obxectos 4.2. Orixes do teatro de obxectos 4.3. Historia dos títeres en España. Literatura para títeres 4.4. Técnicas: a luva, a varilla, o bunraku, sombras chinescas, os autómatas. 4.5. O teatro de títeres en Galicia 4.6. O escenógrafo e o teatro de títeres 4.7. As artes de rúa.	7
5. O espectáculo multimedia. Perspectiva desde a escenografía.	5.1. Concepto e tipoloxías do teatro dixital.	2
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>30</b>

**5. PLANIFICACIÓN DOCENTE**

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	4		4
Exposición práctico-teórica	30	5	35
Práctica individual	16	15	31
Práctica colectiva	6		6
Titorías individuais		6	6
Actividades de evaluación. Probas / Revisión	4	4	8
<b>TOTAIS</b>	<b>60</b>	<b>30</b>	<b>90</b>

**6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE**

Actividades	Descripción
Actividades introductorias	Presentación de cada núcleo temático da materia indicando competencias a acadar e plan de traballo.
Exposición práctico-teórica	Exposición por parte do profesor dos núcleos temáticos básicos da disciplina a través da consideración e análise de casos prácticos, documentos de diverso tipo e outros materiais. Fundamentación teórica a partir da reflexión.
Práctica individual	Traballos a realizar na aula por parte do alumno, sexa presentacións, preparación de debates ou exercicios específicos
Práctica colectiva	Traballos a realizar na aula en grupo ou en pequeno grupo.

**8. ATENCIÓN PERSONALIZADA**

Tutoría presencial	O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Tutoría electrónica	O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

**8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN**
**8. 1 Avaliación ordinaria**

Ferramenta / actividad	Competencias avaliadas	Ponderación
Trabajo:  Con carácter obligatorio, tódolos alumnos deben realizar un trabajo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor. O trabalho deberá ser exposto en clase, e entregado con antelación á exposición.	TODAS	60%
Actitude:  Participación activa nas actividades de aula presencial. Asistencia ás titorías.	TODAS	10%
Actividades:  Actividades de aula e realización satisfactoria das probas prácticas semanais.	TODAS	30%

<b>8.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividad</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá ben nun exame que incluirá os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo, ou ben nun traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor. Será o docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, así como se o traballo será unha mellora do presentado anteriormente ou se debe ser un traballo completamente diferente.		
<b>8.3 Avaliación específica ordinaria / extraordinaria para alumnado que perdera a avaliação continua</b>		
<b>Ferramenta / actividad</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Traballo: Con carácter obligatorio, aqueles estudiantes que perdan o dereito á avaliación continua deberán realizar un traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor.	TODAS	50%
Exame: Con carácter obligatorio, aqueles estudiantes que perdan o dereito á avaliación continua deberán realizar un exame que incluirá os temas impartidos en clase e algún caso práctico ou exemplo.	TODAS	50%

<b>9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS</b>
Referencias básicas
ABAD CARLES, Ana (2004) Historia del ballet y de la danza moderna. Madrid: Alianza.
AMORÓS, Andrés & DÍEZ BORQUE, José María [eds.] (1999) Historia de los espectáculos en España. Madrid: Editorial Castalia.
FETTIG, Hansjurgen: Glove and rod puppets. Harrap, Londres. LECOQ, Jacques (2009): El cuerpo poético. Alba, Barcelona.
SÁNCHEZ, José Antonio (2002): <i>Dramaturgias de la imagen</i> , Cuenca, Universidad Castilla-La Mancha.
Referencias complementarias
CASTILLA, Gabriel (1995): Telón de cielo. Cronopio azul, Bos Aires. DUNCAN, Isadora (2003) El arte de la danza. Madrid: Ediciones Akal
JARA, Jesús (2000): El clown, un navegante de las emociones. Proexdra, Sevilla. LABAN, Rudolf (1987): El dominio del movimiento. Fundamentos, Madrid.
MARKESSINIS, Artemis (1995) Historia de la danza desde sus orígenes. Madrid: Esteban Sanz. MURRAY, G. E MIJARES, R. (1995): El teatro de sombras. Árbol, Mexico.
OLIVA, César & TORRES MONREAL, Francisco (2005) Historia básica del arte escénico. Madrid: Cátedra. SÁNCHEZ, José A.: (Ed.) (1999) La escena moderna. Madrid: Ediciones Akal

## **10. OBSERVACIÓNES**

### **MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS**

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garantran, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serían as que seguen:

ACTIVIDADE 1. Realización dun traballo individual de 2.000 palabras sobre algún aspecto das artes do espectáculo pactado previamente co profesor. Para evitar o risco de plaxio, non se calificará ningún traballo que non fose pactado, aceptado e titorizado polo profesor. É dicir, non serán calificados os traballos dos que non haxa constancia documental (ou sexa, intercambio de correos electrónicos profesor-alumno) de que fose proposto en tempo e forma ao profesor, de que este aceptase a orientación do traballo e de que houbese un seguimento titorizado do mesmo. Competencias: T2,T4, T8, X4, X7, X8, EE5, EE6. Ponderación: 70%

ACTIVIDADE 2. Participación nas actividades de aula virtual e realización satisfactoria das probas prácticas semanais. Competencias: T7, T4, T8, T11, X3, X7, X8. Ponderación: 30%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRETRICES OU INSTRUÍOÑS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIAS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).





